

## ALVARELLOS PUBLICA UN AUDIO-LIBRO DE UXÍO NOVONEYRA CUN RECITAL INÉDITO DE 1982


- O novo volume da Colección Rescate de Alvarellos Editora incorpora un CD co recital íntegro e nunca publicado que o poeta ofreceu no Salón de actos do Instituto "Lucus Augusti" de Lugo en 1982.
- O libro saíu á venda esta semana e reúne, en versión bilingüe, os poemas elexíacos de Uxío Novoneyra, cunha introdución do propio autor.
- O día 23 de abril será presentado no Instituto Lucus Augusti de Lugo e o venres 7 de maio na Feira do Libro de Santiago.

Esta semana sae á venda, dentro da Colección Rescate de Alvarellos Editora, o audio-libro *Tempo de elexía*, un novo volume co que esta editorial quere sumarse á homenaxe a un dos máis grandes poetas nosos de todos os tempos. Esta obra incorpora un CD que recolle o recital inédito e íntegro (de 25 minutos de duración) que Uxío Novoneyra ofreceu en Lugo, no salón de actos do Instituto Lucus Augusti, en 1982. Nese recital, que comeza polo "Poema dos Caneiros" e conclúe coa "Letanía de Galicia" incluíu 33 poemas, entre eles, a maior parte das súas elexías.

Este documento sonoro foi gravado directamente por Henrique Alvarellos, director desta editorial (daquela estudante de primeiro de bacharelato nese centro educativo), e conservado todos estes anos no seu formato orixinal en casete. Agora, debidamente dixitalizado e remasterizado, preséntase cunha moi boa calidade de son. Unha oportunidade nova, xa que logo, de escoitar a voz auténtica, enérxica e plena de matices do gran "dicidor" das nosas Letras.

O libro, pola súa banda, reúne todas as elexías do poeta. Unha edición bilingüe galego-castelán que retoma o espírito da primeira publicación desta obra (Madrid, 1966), con tradución ao castelán do propio Uxío Novoneyra e ampliada con respecto a aquela primeira versión.

Finalmente, a modo de limiar é o propio autor quen reflexiona sobre estes versos, nunha "Autopoética" que reúne manuscritos inéditos e outros textos dispersos onde Novoneyra se pronuncia sobre o significado das súas elexías.




# alvarellos

EDITORA

## O MELLOR DA SÚA POÉTICA

Uxío Novoneyra (Parada de Moreda-O Courel, 1930 – Santiago, 1999), alcanza, coas súas elexías, o cumio da súa creatividade e inspiración. Versos que, en palabras do autor, “buscan os estados límite do Home diante do Amor e a Morte, a angustia e a distancia interior”.



## PRESENTACIÓNS EN LUGO E SANTIAGO

*Tempo de elexía* será presentado o vindeiro **23 de abril** ás 10:30 horas no Salón de Actos do Instituto “Lucus Augusti” de Lugo, no mesmo recinto onde se desenvolveu o recital hai 28 anos e ante un auditorio similar integrado por estudantes de bacharelato. Así mesmo, o venres **7 da maio**, as 19 horas, presentarase en Santiago de Compostela, dentro dos actos da Feira do Libro.

## NOVA ETAPA DA COLECCIÓN RESCATE

Con este novo volume, o número 11, a Colección Rescate principia nova etapa. Alvarellos Editora nomeou á profesora de Teoría da Literatura da USC, **Olivia Rodríguez González**, directora da Colección, e un comité científico integrado por cinco expertos en Literatura Galega de universidades de todo o mundo asesorará nas vindeiras publicacións. Trátase de: António Apolinário, da Universidade de Coimbra; Silvia Bermúdez, da University of California, Santa Barbara; Attilio Castelucci, da Università degli Studi di Roma, La Sapienza,; José Colmeiro, da University of Auckland, New Zealand, e Craig Patterson, da University of Cardiff, Wales.

- Para contactar cos Herdeiros de Uxío Novoneyra: [uxionovo@hotmail.com](mailto:uxionovo@hotmail.com).
- Para contactar con Alvarellos Editora: 981 522 137. Mb: 609 90 88 52, [correo@alvarellos.info](mailto:correo@alvarellos.info)

[+ info: [www.alvarellos.info](http://www.alvarellos.info) ]



Rúa Sempre en Galiza, 4 (praza int.)  
15706 Santiago de Compostela  
Tel+ fax: + 34 981 52 21 37 + 34 609 90 88 52  
[correo@alvarellos.info](mailto:correo@alvarellos.info)  
[www.alvarellos.info](http://www.alvarellos.info)